

1. INTRODUCCIÓN

Este é un estudio piloto, aproximativo e inicial, co que se pretendeu acadar dous obxectivos básicos: senta-las bases do futuro Mapa Sociolingüístico de Galicia e obter unha primeira información, o máis completa posible, que nos permitise ratificar cunha mínima fiabilidade aquelas constantes máis representativas da situación sociolingüística de Galicia.

Este traballo non é, polo tanto, definitivo. Por iso, permítasenos que advirtamos a aqueles lectores menos familiarizados con investigacións desta natureza sobre o risco de considera-los resultados que aquí presentamos como representativos do conxunto da poboación galega e de extrapolalos atribuíndolles así unha representatividade que, como se subliña ó longo do estudio, nalgúns casos non sobrepasa os límites do indicio.

Sen embargo, a coñecida carencia de investigacións tematicamente amplas, representativas da complexa realidade sociolingüística galega, a necesidade de contar cunha perspectiva xeral máis extensa e a conveniencia de partir dunha información máis universal xustifican a aparición deste traballo.

O presente estudio comprende basicamente dúas partes:

1. A primeira trata dos principios fundamentais de metodoloxía sociolingüística utilizados; das características, obxectivos e elaboración do cuestionario, técnicas de mostraxe, distribución da mostra na bisbarra de Ferrol¹, etc.

2. A segunda parte recolle unha primeira avaliación de carácter aproximativo ás conductas, crenzas e actitudes lingüísticas da poboación estudiada. Aquí presentámo-los resultados que consideramos máis relevantes, tanto polos aspectos que tratamos como pola exploración que deles fixemos. En calquera caso, sen perde-la visión de conxunto do traballo e a idea de globalidade de cada capítulo, a risco de que nalgúns casos a información puidese ser redundante. Os contidos desta segunda parte aparecen organizados segundo os seguintes bloques temáticos:

- a. Caracterización sociolingüística da poboación.
- b. Competencia lingüística declarada polo entrevistado.
- c. Conductas lingüísticas nos ámbitos familiar, social, laboral, docente e institucional.

¹ Esta comarca foi considerada a máis representativa do territorio galego para os fins que se persegufan, tanto desde unha perspectiva sociolóxica coma lingüística.

d. Actitudes lingüísticas sobre as linguas e o seu emprego na Administración Autonómica e na Local, nos medios de comunicación, no ensino, etc. así como crenzas sobre o idioma, o seu futuro, etc.

En cada unha das seccións, ademais da parte descritiva correspondente, ofrécense unha serie de cadros e gráficos cos que se pretende resumir-la información máis relevante, así como facilita-la lectura e a comprensión de cada un dos fenómenos estudados. Cada bloque remata cunha síntese, a modo de conclusión, daqueles aspectos máis relevantes tirados da análise dos resultados.